

El presente Protocolo entrará en vigor a los 15 días hábiles siguientes al de la publicación íntegra del mismo en el Boletín Oficial de la Provincia.

Se publica esto para general conocimiento, en Avión, a 19 de febrero de 2018.

El alcalde. Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 563

Avión

Anuncio

Unha vez aprobado definitivamente o Protocolo de malos tratos na Residencia, Centro de Día e Vivenda Comunitaria "Alvetus", ao non presentaren ningunha alegación nin reclamación, durante o período de exposición pública, contra o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello de Avión na súa sesión do día 17 de novembro de 2017, por medio deste anuncio publícase o seu texto íntegro:

Protocolo de malos tratos na Residencia, Centro de Día e Vivenda Comunitaria "Alvetus"

1. Obxecto

Este protocolo ten por obxecto detectar e previr situacións de malos tratos en centros residenciais a persoas usuarias e saber como se debería actuar, se se producisen estas situacións.

O protocolo céntrase, fundamentalmente, nun contexto institucional, é dicir, o que se produce ou se detecta nos centros destinados á atención das persoas maiores ou con discapacidade.

Por iso, é de especial importancia que todos os profesionais do servizo coñezan, que a nosa obrigación é protexer e salvaguardar os dereitos de todas as persoas usuarias, especialmente os daquelas que son máis vulnerables por razóns de idade, discapacidade ou dependencia.

2. Definicións

- Maltrato: calquera acto ou omisión, que causa dano ou angustia, vulnera ou pon en perigo a integridade física, psíquica ou económica, atenta contra a dignidade, autonomía e respecto dos dereitos fundamentais do individuo, realizado de forma intencionada ou por negligencia, sobre unha persoa e que se produce no marco dunha relación na que o agresor se considera en situación de vantaxe ou superioridade sobre a persoa agredida, sexa por razón de xénero, idade, vulnerabilidade ou dependencia.

- Maltrato institucional: pode producirse por dous mecanismos:

- Consciente ou intencionado (abuso): é un maltrato fácil de detectar, é descuberto por persoas en contacto coa persoa usuaria e con frecuencia son abusos físicos.

- Inconsciente ou non intencionado (trato inadecuado): é difícil de detectar, xa que con frecuencia se consideran actitudes normais. Está relacionado coa atención e coidados, e con frecuencia son malos tratos psicolóxicos.

3. Tipoloxías do maltrato institucional. Indicadores ou signos de alarma

A continuación, descríbense os distintos tipos de maltrato que poden producirse e os indicadores ou signos de alarma para detectalos:

a) Maltrato físico: uso intencionado da forza física que pode dar lugar a lesión corporal, dor física ou prexuízo. Pode incluír actos de violencia como, golpes, pequenos cortes, empuxóns, patadas, labazadas, picadas, castigos físicos de calquera tipo, uso non apropiado de fármacos, de restricións físicas, forzar a comer, etcétera.

Indicadores de maltrato físico

- Queixa do usuario de agresión física

- Lesións, cortes, feridas, mazaduras, laceracións, hematomas, alopecias, queimaduras

- Caídas e lesións non explicadas

- Fracturas múltiples

- Feridas en zonas ocultas e con distinto grao de evolución

- Desnutrición, deshidratación, perda de peso

- Erros na medicación, perda de receitas

- Falta de hixiene persoal e externa

- Cambios frecuentes de médico, de centro asistencial

b) Maltrato psicolóxico: causar intencionadamente angustia, pena, sentimento de indignidade, medo ou aflicción por medio de actos verbais ou conduta non verbal que denigran á persoa e lle diminúen a súa dignidade, identidade e autoestima (ameazas, insultos, intimidación, humillación, ridiculización, infantilización, privación de seguridade e/ou afecto etcétera).

Indicadores de maltrato psicolóxico

- Cambios nos hábitos alimenticios

- Problemas para durmir

- Actitude de temor, confusión, resignación

- Pasividade, retraemento, illamento

- Baixa autoestima, depresión

- Indefensión, desesperanza, ansiedade

• Contradicións ou relatos imposibles que non obedecen a confusión mental

- Vacilacións e renuncia a conversar abertamente

• Evasión de contactos con coidadores e de comunicación verbal

- Ira ou medo cara aos coidadores

• Cambios de carácter, axitación ante o responsable do maltrato

- A persoa é deixada de lado polos demais

c) Abuso sexual: comportamento (xestos, insinuacións, exhibicionismo, etcétera) ou contacto sexual de calquera tipo, consumado ou non, non consentido ou con persoas incapaces de dar consentimento (violación, tocamento, acoso sexual, facer fotografías, etcétera).

Indicadores de maltrato sexual

- Queixas de agresión sexual

• Conduta sexual que non coincide coas relacións habituais e a personalidade anterior da persoa.

• Cambios non explicados na conduta (agresión, retraemento, automutilación...)

• Queixas frecuentes de dores abdominais ou hemorrxias vaginais ou anais inexplicadas

- Infeccións xenitais recorrentes ou hematomas ao redor das mamas ou nas zonas xenitais ou paraxenitais

- Pezas íntimas desgarradas, manchadas ou ensanguentadas

• Dor, pequenos cortes ou lesións na rexión anal, xenital ou abdominal

• Dificultade ao camiñar ou sentarse, debido a lesións na zona xenital

- Enfermidades de transmisión sexual ou cistite

- Inexplicables problemas cos catéteres

d) Maltrato económico: utilización non autorizada, ilegal ou inadecuada de fondos, propiedades ou recursos do usuario. Inclúe o cobrar cheques sen a súa autorización, falsificar a sinatura, malversar, levar con engano a asinar un documento, uso indebido do poder dun titor sobre os bens, etcétera.

Indicadores de maltrato económico

- Manifestación expresa de que manipulan os seus efectos persoais sen a súa autorización.

- Perda de diñeiro, movementos sospeitosos nas contas, retiradas de diñeiro irregulares ou atípicos non xustificadas.



- Cambios de testamento, cando se dubida da capacidade para tomar decisións
- Sinaturas "falsificadas" a "persoas que non saben ou non poden escribir"
- Desaparición de valores, depósitos, documentos ou pezas de valor

- Atención á usuaria non acorde cos seus ingresos ou medios
- Falta de confort e comodidades, cando se dispón de recursos para poder gozalas
- Problemas de saúde física e/ou mental sen tratamento (próteses, cadeiras...)

e) Maltrato social: discriminación do usuario nos círculos sociais ou relacións no medio.

Indicadores de maltrato social

- Deixar sentado ou encamado durante horas.
- Non ofrecer actividades de estimulación ou entretemento
- Non facilitar o acceso ao culto relixioso
- Restringir as chamadas ou as visitas
- Ocultar o falecemento doutros residentes
- Deixar só...

f) Neglixencia/abandono: rexeitamento, negación ou equivocación para iniciar, continuar ou completar a atención das necesidades da usuaria, sexa de forma voluntaria (activa) ou involuntaria (pasiva), por parte da persoa que, de forma implícita ou acordada, sexa responsable dela. Por exemplo, non achegar recursos económicos, omisión das necesidades básicas como alimento, auga, aloxamento, abrigo, hixiene, roupa, atención sanitaria, tratamento médico, etcétera.

Indicadores de neglixencia/abandono

- Queixa de abandono
- Sucidade, cheiro a feces ou ouriños
- Erupcións na pel non tratadas
- Pediculose
- Mala nutrición ou deshidratación
- Enfermidades non tratadas
- Mal cumprimento terapéutico
- Deterioro progresivo da saúde sen causa evidente
- Medicación excesiva ou insuficiente
- Vestido inadecuado

4. Como detectar o maltrato

Os profesionais do centro atópanse nunha situación privilexiada para coñecer e detectar de forma precoz os malos tratos cara a protexer as usuarias. Eles poden identificar no seu traballo diario indicios que constaten ou fagan sospeitar de forma obxectiva e evidente estas actuacións.

O maltrato, como se indicou, pode provir da actuación illada dos profesionais, doutros usuarios ou dos familiares. Para evitalo, é necesario reflexionar sobre determinadas situacións que poden considerarse maltrato como son:

- Alimentación: non vixiar a inxestión necesaria, restrición como castigo, comida fría ou en malas condicións, non facilitar as dietas especiais, segundo patoloxías, substitución das comidas por complementos dietéticos sen ser necesario, horarios de inxestión distribuídos temporalmente de forma inadecuada ao longo do día, non respectar o ritmo necesario en función das necesidades de cada usuario...

- Vestido: utilizar roupa ou calzado de talla non adecuada, deitar ao residente espido ou con roupa interior en contra da súa vontade, roupa inadecuada á climatología...

- Hixiene: usar a mesma esponxa, talla para varias persoas, mantelos sentados ou encamados con ouriños ou feces, sentados durante excesivo tempo no WC, non baleirar os ouriñais, utilización indebida do uso de absorbentes e non realizar os cambios necesarios...

- Contención física: encerrar na habitación, atar de forma inxustificada á cama ou á cadeira para evitar que se levante ou se caia, atar como castigo, utilización de restricións físicas sen indicación nin xustificación de persoal médico e/ou de enfermería.

- Intimidade: entrar sen chamar na habitación, uso do baño sen pechar a porta, cambios posturais, non recoñecer a sexualidade e falta de respecto á intimidade...

- Seguridade: instalacións en malas condicións: auga, calefacción, electricidade..., timbres inaccesibles, mobiliario vello e inadecuado.

- Outros: non facilitar a práctica da autonomía en toma de decisións sobre temas de saúde, entorpecendo os seus pequenos logros de autonomía persoal, tendencia de derivar ao hospital máis casos dos necesarios, falta de respecto ás súas opinións, abuso de poder, infantilización, ataques de integridade física e psíquica mediante ameazas, intimidacións, insultos, chantaxes, roubos ou castigos corporais...

6. Como actuar ante o maltrato

Descríronse moitos indicadores, ou signos de alarma que poden facernos pensar que nos atopamos ante unha situación de malos tratos. A queixa ou denuncia por parte de persoa usuaria é o indicador máis sensible e específico, pero non sempre está presente, polo cal a miúdo teremos que partir destes indicadores de sospeita, a partir dos cales confirmaremos ou non a existencia de malos tratos.

Cando hai sospeita de malos tratos, débese comunicar á dirección do centro, quen comprobará a súa veracidade e tomará as medidas adecuadas. No caso de que a persoa denunciada, ou sobre a que se teña sospeitas, sexa a directora do centro, deberase comunicar ao Padroado da Fundación Anduriña.

Ante esta situación, as actuacións para realizar serán as seguintes:

- Valorar sempre as queixas do maltrato da persoa usuaria, aínda que estea afectada de deterioro cognitivo.

- Entrevistar en privado á posible vítima de maltrato e valorar a existencia de indicadores, así como os posibles responsables do maltrato.

- Interrogar ao profesional, suposto agresor, sen a presenza da persoa supostamente maltratada. Valorar, entre outras circunstancias, o estrés, ansiedade ou sobrecarga que poida ter o profesional, así como o seu coñecemento das necesidades e habilidades para o coidado da usuaria.

- Adoptar ante o responsable do maltrato unha actitude profesional que evite poñer en perigo á vítima.

- Valorar a gravidade da situación e o risco para a vítima.

- Anotar a sospeita de maltrato na historia clínica ou social e deixar constancia das lesións ou dos feitos coñecidos da forma máis descritiva posible.

- Informar á persoa das accións para exercer no plano médico, social e xudicial, así como dos recursos existentes.

- Informar a outros familiares ou titor das accións para exercer, no caso de que a persoa se atppe incapacitada ou afectada de deterioro cognitivo.

- Realizar o seguimento das posibles vítimas de maltrato, especialmente nos casos de reincidencia, aínda que a situación non sexa confirmada.

De todas as actuacións realizadas, emitírase un informe detallado, de forma que poida servir como proba e xustificación da posible denuncia para presentar, no caso de que fose necesario.

Se se deducise que existe certeza do maltrato, débese valorar, entre outras circunstancias, o risco potencial, a urxencia,

e establecer un plan de actuación para evitar maiores riscos para o usuario.

O plan de actuación contará polo menos:

- Medidas para a protección e seguridade da vítima, sempre atendendo ás súas circunstancias persoais (idade, grao e tipo de discapacidade ou dependencia...).

- Medidas de apoio e acompañamento. Tratarase de prestarlle toda a asistencia necesaria para que se sinta protexida e canto antes poida volver á súa rutina habitual.

Ademais, procederase a presentar a denuncia ante o xulgado de garda, a policía ou a fiscalía acompañando o informe das actuacións realizadas, elaborado polo centro. De todo iso daráselle coñecemento ao Padroado da Fundación Anduriña

7. Responsables de iniciar as actuacións

Para a prevención e detección de calquera situación de maltrato será responsable todo o persoal do servizo, xa que calquera que o detecte debe iniciar as actuacións descritas.

Para a verificación da sospeita denunciada, será responsable da súa valoración, a instancia do/a director/a, o equipo interdisciplinar do centro. No caso de que algún membro deste equipo sexa o obxecto da denuncia, excluírase da valoración. Tamén poderá encomendárselles esta tarefa, en casos puntuais, a un ou varios profesionais do centro, se, a xuízo da dirección, é máis conveniente.

Para a presentación da denuncia ante a fiscalía ou o xulgado, o responsable de formalizala será a dirección do centro ou, na súa falta, a persoa designada polo Padroado da Fundación Anduriña. En todo caso, debe comunicárselle a presentación da denuncia ao Padroado da Fundación Anduriña.

Este protocolo entrará en vigor aos 15 días hábiles seguintes ao da publicación íntegra del no Boletín Oficial da Provincia.

Publícase isto para xeral coñecemento, en Avión, o 19 de febreiro de 2018.

O alcalde. Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Anuncio

Habiendo quedado aprobado definitivamente el protocolo de malos tratos en la Residencia, Centro de Día y Vivienda Comunitaria "Alvetus", al no presentarse alegación o reclamación alguna durante el periodo de exposición pública contra el acuerdo de aprobación provisional, adoptado por el Pleno de este Ayuntamiento de Avión en su sesión ordinaria celebrada el día 17 de noviembre de 2017, por el presente anuncio se publica el texto íntegro de éste:

Protocolo de malos tratos en la Residencia, Centro de Día y Vivienda Comunitaria "Alvetus"

1. Objeto

El presente protocolo tiene por objeto detectar y prevenir situaciones de malos tratos en centros residenciales a las personas usuarias y saber cómo se debería actuar, si se producen estas situaciones.

El protocolo se centra, fundamentalmente, en un contexto institucional, es decir el que se produce o se detecta en los centros destinados a la atención de las personas mayores o con discapacidad.

Por ello, es de especial importancia que todos los profesionales del servicio lo conozcan, ya que nuestra obligación es proteger y salvaguardar los derechos de todas las personas usuarias, especialmente los de aquellas que son más vulnerables por razones de edad, discapacidad o dependencia.

2. Definiciones

- Maltrato: cualquier acto u omisión, que causa daño o angustia, vulnera o pone en peligro la integridad física, psíquica o

económica, atenta contra la dignidad, autonomía y respeto de los derechos fundamentales del individuo, realizado de forma intencionada o por negligencia, sobre una persona, y que se produce en el marco de una relación en la que el agresor se considera en situación de ventaja o superioridad sobre la persona agredida, sea por razón de género, edad, vulnerabilidad o dependencia.

- Maltrato institucional: puede producirse por dos mecanismos:

- Consciente o intencionado (abuso): es un maltrato fácil de detectar, es descubierto por personas en contacto con la persona usuaria y con frecuencia son abusos físicos.

- Inconsciente o no intencionado (trato inadecuado): es difícil de detectar, ya que con frecuencia se consideran actitudes normales. Está relacionado con la atención y cuidados y con frecuencia son malos tratos psicológicos.

3. Tipologías del maltrato institucional. Indicadores o signos de alarma.

A continuación, se describen los distintos tipos de maltrato que pueden producirse y los indicadores o signos de alarma para detectarlos:

a) Maltrato físico: uso intencionado de la fuerza física que puede dar lugar a lesión corporal, dolor físico o perjuicio. Puede incluir actos de violencia como, golpes, pellizcos, empujones, patadas, bofetadas, pinchazos, castigos físicos de cualquier tipo, uso inapropiado de fármacos, de restricciones físicas, forzar a comer, etc.

Indicadores de maltrato físico

- *Queja del usuario de agresión física.*

- *Lesiones, cortes, heridas, magulladuras, laceraciones, hematomas, alopecias, quemaduras.*

- *Caídas y lesiones no explicadas.*

- *Fracturas múltiples.*

- *Heridas en zonas ocultas y con distinto grado de evolución.*

- *Desnutrición, deshidratación, pérdida de peso.*

- *Errores en la medicación, pérdida de recetas.*

- *Falta de higiene personal y externa.*

- *Cambios frecuentes de médico, de centro asistencial.*

b) Maltrato psicológico: causar intencionadamente angustia, pena, sentimiento de indignidad, miedo o aflicción por medio de actos verbales o conducta no verbal que denigran a la persona y le disminuyen su dignidad, identidad y autoestima (amenazas, insultos, intimidación, humillación, ridiculización, infantilización, privación de seguridad y/o afecto etc.).

Indicadores de maltrato psicológico

- *Cambios en los hábitos alimenticios.*

- *Problemas para dormir.*

- *Actitud de temor, confusión, resignación.*

- *Pasividad, retraimiento, aislamiento.*

- *Baja autoestima, depresión.*

- *Indefensión, desesperanza, ansiedad.*

- *Contradicciones o relatos imposibles que no obedecen a confusión mental.*

- *Vacilaciones y renuncia a conversar abiertamente.*

- *Evasión de contactos con cuidadores y de comunicación verbal.*

- *Ira o miedo hacia los cuidadores.*

- *Cambios de carácter, agitación ante el responsable del maltrato.*

- *La persona es dejada de lado por los demás.*

c) Abuso sexual: comportamiento (gestos, insinuaciones, exhibicionismo, etc.) o contacto sexual de cualquier tipo, consumado o no, no consentido o con personas incapaces de dar



consentimiento (violación, tocamiento, acoso sexual, hacer fotografías, etc.).

Indicadores de maltrato sexual

- Quejas de agresión sexual.
- Conducta sexual que no coincide con las relaciones habituales y la personalidad anterior de la persona.
- Cambios no explicados en la conducta (agresión, retraimiento, automutilación...).
- Quejas frecuentes de dolores abdominales o hemorragias vaginales o anales inexplicadas.
- Infecciones genitales recurrentes o hematomas alrededor de las mamas o en las zonas genitales o para genitales.
- Prendas íntimas desgarradas, manchadas o ensangrentadas.
- Dolor, rasguños o lesiones en la región anal, genital o abdominal.
- Dificultad al caminar o sentarse, debido a lesiones en la zona genital.

- Enfermedades de transmisión sexual o cistitis.
- Inexplicables problemas con los catéteres.

d) Maltrato económico: utilización no autorizada, ilegal o inapropiada de fondos, propiedades o recursos del usuario. Incluye el cobrar cheques sin su autorización, falsificar la firma, malversar, llevar con engaño a firmar un documento, uso indebido del poder de un tutor sobre los bienes, etc.

Indicadores de maltrato económico

- Manifestación expresa de que manipulan sus efectos personales sin su autorización.
- Pérdida de dinero, movimientos sospechosos en las cuentas, retiradas de dinero, irregulares o atípicos no justificados.
- Cambios de testamento, cuando se duda de la capacidad para tomar decisiones.
- Firmas "falsificadas" a "personas que no saben o no pueden escribir".
- Desaparición de valores, depósitos, documentos o piezas de valor.
- Atención a la persona usuaria no acorde con sus ingresos o medios.
- Falta de confort y comodidades, cuando se dispone de recursos para poder disfrutarlas.
- Problemas de salud física y/o mental sin tratamiento (prótesis, sillas...)

e) Maltrato social: discriminación del usuario en los círculos sociales o relaciones en el entorno.

Indicadores de maltrato social

- Dejar sentado o encamado durante horas.
- No ofrecer actividades de estimulación o entretenimiento.
- No facilitar el acceso al culto religioso.
- Restringir las llamadas o las visitas.
- Ocultar el fallecimiento de otros residentes.
- Dejarle solo...

f) Negligencia/abandono: rechazo, negación o equivocación para iniciar, continuar o completar la atención de las necesidades de la persona usuaria, ya sea de forma voluntaria (activa) o involuntaria (pasiva), por parte de la persona que, de forma implícita o acordada, sea responsable de ella. Por ejemplo, no aportar recursos económicos, omisión de las necesidades básicas como alimento, agua, alojamiento, abrigo, higiene, ropa, atención sanitaria, tratamiento médico, etc.

Indicadores de negligencia/abandono

- Queja de abandono.
- Suciedad, olor a heces u orina.
- Erupciones en la piel no tratadas.
- Pediculosis.
- Malnutrición o deshidratación.

- Enfermedades no tratadas.
- Mal cumplimiento terapéutico.
- Deterioro progresivo de la salud sin causa evidente.
- Medicación excesiva o insuficiente.
- Vestido inadecuado.

4. Cómo detectar el maltrato

Los profesionales del centro se encuentran en una situación privilegiada para conocer y detectar de forma precoz los malos tratos hacia las personas usuarias. Ellos pueden identificar en su trabajo diario indicios que constaten o hagan sospechar de forma objetiva y evidente estas actuaciones.

El maltrato, como se ha indicado, puede provenir de la actuación aislada de los profesionales, de otros usuarios o de los familiares. Para evitarlo, es necesario reflexionar sobre determinadas situaciones que pueden considerarse maltrato como son:

- Alimentación: no vigilar la ingesta necesaria, restricción como castigo, comida fría o en malas condiciones, no facilitar las dietas especiales según patologías, sustitución de las comidas por complementos dietéticos sin ser necesario, horarios de ingesta distribuidos temporalmente de forma inadecuada a lo largo del día, no respetar el ritmo necesario en función de las necesidades de cada usuario...

- Vestido: utilizar ropa o calzado de talla no adecuada, acosar al residente desnudo o con ropa interior en contra de su voluntad, ropa inadecuada a la climatología...

- Higiene: usar la misma esponja, talla para varias personas, mantenerles sentados o encamados con orina o heces, sentar durante excesivo tiempo en el WC, no vaciar las bacinillas, utilización indebida del uso de absorbentes y no realizar los cambios necesarios...

- Contención física: encerrar en la habitación, atar de forma injustificada a la cama o a la silla para evitar que se levante o se caiga, atar como castigo, utilización de restricciones físicas sin indicación ni justificación de personal médico y/o de enfermería.

- Intimididad: entrar sin llamar en la habitación, uso del baño sin cerrar la puerta, cambios posturales, no reconocer la sexualidad y falta de respeto a la intimidad...

- Seguridad: instalaciones en malas condiciones: agua, calefacción, electricidad..., timbres inaccesibles, mobiliario viejo e inadecuado.

- Otros: no facilitar la práctica de la autonomía en la toma de decisiones sobre temas de salud, entorpeciendo sus pequeños logros de autonomía personal, tendencia de derivar al hospital más casos de los necesarios, falta de respeto a sus opiniones, abuso de poder, infantilización, ataques de integridad física y psíquica mediante amenazas, intimidaciones, insultos, chantajes, robos o castigos corporales...

6. Cómo actuar ante el maltrato

Se han descrito muchos indicadores, o signos de alarma que pueden hacernos pensar que nos encontramos ante una situación de malos tratos. La queja o denuncia por parte de la persona usuaria es el indicador más sensible y específico, pero no siempre está presente, por lo cual a menudo tendremos que partir de estos indicadores de sospecha, a partir de los cuales confirmaremos o no la existencia de malos tratos.

Cuando hay sospecha de malos tratos, se debe comunicar a la dirección del centro, quien comprobará su veracidad y tomará las medidas adecuadas. En caso de que la persona denunciada, o sobre la que se tenga sospechas, sea la directora del centro, se deberá comunicar al Patronato de la Fundación Anduriña.



Ante esta situación, las actuaciones a realizar serán las siguientes:

- Valorar siempre las quejas del maltrato de la persona usuaria, aunque esté afectada de deterioro cognitivo.
- Entrevistar en privado a la posible víctima de maltrato y valorar la existencia de indicadores, así como los posibles responsables del maltrato.
- Interrogar al profesional, supuesto agresor, sin la presencia de la persona supuestamente maltratada. Valorar entre otras circunstancias, el estrés, ansiedad o sobrecarga que pueda tener el profesional, así como su conocimiento de las necesidades y habilidades para el cuidado de la persona usuaria.
- Adoptar ante el responsable del maltrato una actitud profesional que evite poner en peligro a la víctima.
- Valorar la gravedad de la situación y el riesgo para la víctima.
- Anotar la sospecha de maltrato en la historia clínica o social y dejar constancia de las lesiones o de los hechos conocidos de la forma más descriptiva posible.
- Informar a la persona de las acciones a ejercer en el plano médico, social y judicial, así como de los recursos existentes.
- Informar a otros familiares o tutor de las acciones a ejercer en el caso de que la persona se encuentre incapacitada o afectada de deterioro cognitivo.
- Realizar el seguimiento de las posibles víctimas de maltrato, especialmente en los casos de reincidencia, aunque la situación no haya sido confirmada.

De todas las actuaciones realizadas, se emitirá un informe detallado de forma que pueda servir como prueba y justificación de la posible denuncia a presentar, en caso de que fuera necesario.

Si se dedujera que existe certeza del maltrato, se debe valorar, entre otras circunstancias, el riesgo potencial, la inmediatez y establecer un plan de actuación para evitar mayores riesgos para el usuario.

El plan de actuación contendrá al menos:

- Medidas para la protección y seguridad de la víctima, siempre atendiendo a sus circunstancias personales (edad, grado y tipo de discapacidad o dependencia...).
- Medidas de apoyo y acompañamiento. Se tratará de prestarle toda la asistencia necesaria para que se sienta protegida y cuanto antes pueda volver a su rutina habitual.

Además, se procederá a presentar la denuncia ante el juzgado de guardia, la policía o la fiscalía acompañando el informe de las actuaciones realizadas elaborado por el centro. De todo ello se dará conocimiento al Patronato de la Fundación Anduriña.

7. Responsables de iniciar las actuaciones

Para la prevención y detección de cualquier situación de maltrato será responsable todo el personal del servicio, ya que, cualquiera que lo detecte, debe iniciar las actuaciones descritas.

Para la verificación de la sospecha denunciada, será responsable de su valoración, a instancia del/la director/a, el equipo interdisciplinar del centro. En el caso de que algún miembro de este equipo sea el objeto de la denuncia, se le excluirá de la valoración. También podrá encomendarse esta tarea, en casos puntuales, a uno o varios profesionales del centro, si a juicio de la dirección es más conveniente.

Para la presentación de la denuncia ante la fiscalía o el juzgado, el responsable de formalizarla será la dirección del centro o en su defecto la persona designada por el Patronato de la Fundación Anduriña. En todo caso, debe comunicarse la pre-

sentación de la denuncia al Patronato de la Fundación Anduriña.

El presente protocolo entrará en vigor a los 15 días hábiles siguientes al de la publicación íntegra del mismo en el Boletín Oficial de la Provincia.

Esto se publica para general conocimiento, en Avión, a 19 de febrero de 2018.

El alcalde. Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 565

A Bola

Anuncio de aprobación inicial

Unha vez aprobado inicialmente, na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello da Bola, con data 5 de marzo de 2018, a modificación puntual das ordenanzas seguintes:

- Ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello da Bola.
- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello da Bola.
- Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas do Concello da Bola.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos administrativos relativos ao control sobre actividades e apertura de establecementos do Concello da Bola.

Exponse ao público o expediente polo prazo de trinta días dende a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado, as ditas modificacións puntuais das ordenanzas citadas quedarán definitivamente aprobadas, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

A Bola, 5 de marzo de 2018. A alcaldesa.

Asdo.: María Teresa Barge Bello.

Anuncio de aprobación inicial

Una vez aprobado inicialmente, en la sesión extraordinaria urgente por el Pleno del Ayuntamiento de A Bola, de fecha de 5 de marzo de 2018, las modificaciones puntuales de las ordenanzas siguientes:

- Ordenanza Reguladora del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras del Ayuntamiento de A Bola.
- Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles del Ayuntamiento de A Bola.
- Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Actividades Económicas del Ayuntamiento de A Bola.
- Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Prestación de Servicios Administrativos Relativos al Control Sobre Actividades y Apertura de Establecimientos del Ayuntamiento de A Bola.

Se expone al público el expediente por el plazo de treinta días desde la publicación de este anuncio, a los efectos de reclamaciones y alegaciones.

De conformidad con el acuerdo adoptado, dichas modificaciones puntuales de las ordenanzas citadas quedarán definitivamente aprobadas, si durante el citado plazo no se presentan reclamaciones.

A Bola, 5 de marzo de 2018. La alcaldesa.

Fdo.: María Teresa Barge Bello.

R. 774